



Concello de Casto Verde

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS EXERCICIO 2023.

PRIMEIRO.- OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas bases teñen por obxecto establecelos criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais dirixidas á promoción do asociacionismo no Concello de Casto Verde, e á promoción das tradicións e os valores culturais propios de Casto Verde, así como o apoio e promoción do deporte no Concello, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local; 40.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais; e 23 e seguintes do regulamento de servizos das corporacións locais, lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto non se opoña a esta última; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de Subvencións. Así mesmo serán de aplicación a ordenanza xeral de subvención aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de 28 de xaneiro de 2010, publicada no BOP nº 80, de 10 de abril de 2010, e as Bases de execución do orzamento municipal.

SEGUNDA.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

O Concello, por medio dos procedementos previstos nesta ordenanza, poderá conceder subvencións nas seguintes áreas:

a) Cultura: teatro, imaxe, artes plásticas, cultura tradicional, encontros e outras actividades.

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

- b) Música: espectáculos dos diversos estilos musicais e, preferentemente, os programas de formación práctica musical.
- c) Deportes: gastos derivados de participación en competicións oficiais; tamén poderán ser obxecto de subvención os eventos deportivos especiais.
- d) Educación: serán subvencionables os cursos, seminarios e outras actividades relacionadas coa formación.
- e) Mocidade: fomento e implantación do asociacionismo.
- f) Terceira idade: actividades de fomento e implantación do asociacionismo no sector.
- g) Turismo social: aquelas actividades turísticas cun marcado obxecto cultural.
- h) Medio ambiente: cursos e actividades de sensibilización co medio ambiente.

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS. REQUISITOS

Poderán solicitar estas subvencións as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, asociacións, as comunidades de bens ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda non tendo personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. As agrupacións sen personalidade xurídica deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. As entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Estar domiciliadas no municipio de Castroverde.

Excepcionalmente, cando a actividade teña interese social, económico ou humanitario para os veciños do municipio de Castroverde, poderanse conceder subvencións a entidades foráneas. A fundamentación do dito interese acreditarase mediante a achega dunha memoria para o efecto. En todo caso as actividades ou proxectos financiados a través de subvención municipal deben desenvolverse no

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casterverde

termo municipal ou ir dirixidos ós veciños de Casterverde, e redundar nun beneficio para os seus cidadáns.

-Carecer de ánimo de lucro.

-Estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, este requisito deberá ser cumprido por tódolos seus integrantes.

-Non estar incurso en ningunha causa de prohibición de percepción de subvencións públicas das previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, este requisito deberá ser cumprido por tódolos seus integrantes.

- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Casterverde, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

CUARTA.- FINANCIAMENTO.

A contía máxima das subvencións convocadas será de **15.900,00** euros, con cargo á partida 334.48 do orzamento municipal para o **exercicio 2023**.

QUINTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- 1. As solicitudes dos interesados presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Casterverde, no prazo de trinta días naturais seguintes contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, debendo presentarse segundo os modelos de anexos indicados nestas bases.**
- 2. O interesado deberá presentar no momento da solicitude a seguinte documentación:**
 - Anexo I: Solicitude en modelo normalizado subscrita polo interesado, no caso de tratarse de persoa física, ou polo representante**

Concello de Casterverde

Plaza do Concello, nº 2, Casterverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

legal da asociación ou entidade, xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do obxectivo, proxecto ou actividade solicitada.

- **Anexo II: Memoria explicativa do proxecto** ou actividade a realizar. **No suposto de solicitude de subvención para diferentes actividades, deberán aportar un Anexo II para cada unha delas. As actividades subvencionadas serán as realizadas entre o 01/01/2023 e o 31/12/2023.**
- **Anexo III: Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou percibidas, de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, Axencia Estatal Tributaria, Axencia Tributaria Galega e co Concello de Castrolverde e de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello** de Castrolverde, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- **Fotocopia dos estatutos e da acta de constitución da asociación** (actualizados) ou documentación acreditativa da personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.
- **Fotocopia do NIF da persoa solicitante.**
- **Fotocopia do CIF da entidade á que representa.**
- **Calquera outro documento que se considere de interese para a mellora da avaliación da subvención.** O Concello poderá solicitar, se así fora oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

No suposto de solicitude de subvención para diferentes actividades, deberán solicitarse por orde preferencial, e o Concello terá opción de elección para o caso de que non poida financiarlas todas.

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

3. Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada requiriráselle ó interesado para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa petición, e arquivaranse o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei 39/2015.

SEXTA.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases axustarase ao establecido na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión das subvencións.

1.- De conformidade co establecido na Ordenanza Xeral, o órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local.

2.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

3.- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

4.- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte hábil ó da notificación non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido ó órgano concedente.

5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

SÉTIMA.- CONTÍA E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS.

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

1.- As subvencións que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún **caso o importe total subvencionado polo concello poida superar o 90% do custo total da actividade e o 10% do custe total don funcionamento asociativo.**

2.- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o 100% do custo da actividade subvencionada ou de funcionamento asociativo.

3.- A contía máxima das subvencións que conceda o Concello será a seguinte:

- Actividades culturais: 1.500 €.
- Actividades deportivas 1.500 €.
- As subvencións solicitadas por persoa física, para actividades nas que participe unicamente o solicitante, co compromiso de publicitar o municipio: 300€.

No caso se existir sobrefinanciamento o beneficiario deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Castroverde na cantidade que exceda do custo da actividade.

OITAVA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para a resolución da concesión da subvención e determinación da súa contía, teranse en conta os criterios obxectivos seguintes, relacionados por orde de importancia:

- Representatividade da Entidade no Municipio.
- Grao de interese xeral ou sectorial das actividades propostas.
- Número de beneficiarios das actividades propostas.
- Coordinación e complementariedade das actuacións propostas cos programas municipais.
- Carácter permanente ou periódico das actividades.
- No programa de actividades deportivas, número de licenzas federativas e categorías nas que se desenvolven as actividades.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

No caso de que o crédito consignado na convocatoria fora suficiente, atendendo ao número de solicitudes presentadas, unha vez finalizado o prazo de presentación, non será preciso fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos.

O órgano competente poderá proceder ao rateo entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións, ou ben a un reparto proporcional do mesmo.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen na anualidade correspondente.

Os gastos deberán detallarse e relacionarse no Anexo II.

Poderán ser obxecto de subvención:

- Os gastos correntes derivados dos programas e proxectos de actividades que estean dentro do ámbito de actuación da asociación, e contidos no proxecto a subvencionar. Ata un máximo do 90% do total da actividade.
- Os gastos correntes correspondentes ao normal funcionamento asociativo. Ata un máximo do 10 % dos gastos de funcionamento.

En **ningún caso terán o carácter de subvencionables** os gastos derivados da **adquisición de bens inmoables, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e en xeral aqueles bens que teñan a consideración de inversión ou equipamento. Tampouco serán obxecto de subvención os gastos financeiros, notariais, rexistrals, periciais, multas, sancións e recargos administrativos ou penais, nin os tributos directos a cargo dos beneficiarios, nin os gastos de manutención e aloxamento.**

DÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realiza-la actividade que motiva a concesión da subvención.

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro a realizar polos órganos de control competentes do Concello ou nacionais ou comunitarios, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Facer constar de maneira pública que a/s actividade/s está/n subvencionada/s polo Concello de Castroverde.**
- g) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos.
- h) En xeral, as previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

UNDÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

1.- Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro do Concello a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

- **Anexo IV: Solicitud de xustificación da subvención.**
- **Anexo V: Memoria explicativa** e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos.
- **Anexo VI: Declaración responsable de solicitar ou recibir subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou**

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castoerverde

privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- **Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, orixinais ou fotocopias compulsadas.** As facturas deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación. En particular, deberán figurar desagregados os diferentes conceptos e os seus prezos unitarios, así como a base imponible, o tipo de IVE aplicado e a cota de IVE correspondente. **O IVE tamén será subvencionable.**
- **Certificado de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais (Certificado emitido pola A.E.A.T) .**
- **Certificado de estar ó corrente fronte á Seguridade Social (Certificado emitido pola Seguridade Social) .**
- **Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da comunidade autónoma galega (Certificado emitido pola Consellería de Facenda).**
- **Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante** e na que solicita se lle ingrese a subvención.
- **Documentos acreditativos (carteis publicitarios, fotografías, etc...)** no que se vexa reflexado en cada actividade subvencionada o **logotipo do Concello de Castoerverde.**
- **Calquera outro documento de interese para aportar como xustificación da/s actividade/s.**

A non presentación en prazo e forma da xustificación suporá a perda total da subvención concedida.

2.- O prazo de presentación da xustificación rematará o día **31 de outubro de 2023.** Excepcionalmente, cando pola duración das actividades obxecto de subvención, ou polas datas de realización das mesmas non se poida presentar a

Concello de Castoerverde

Plaza do Concello, nº 2, Castoerverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

conta xustificativa no dito prazo, o beneficiario deberá comunicar ó Concello tal circunstancia, indicando as razóns que impiden a presentación e a data máxima na que se poderá presentar a conta xustificativa. De ser o caso, presentárase a conta xustificativa das actividades xa realizadas. A Xunta de Goberno, á vista da comunicación do beneficiario, e valorando as circunstancias individuais, poderá autorizar un prazo maior de xustificación, é dicir, **podará solicitarse prórroga no caso de que algunha das actividades obxecto da subvención aínda non fosen realizadas a data 31 de outubro do 2023 pero sempre que a súa realización sexa antes do 31 de decembro do ano en curso.**

3.- As entidades beneficiarias deberán presentar xustificante, como mínimo, pola totalidade dos gastos do presuposto de cada unha das actividades subvencionadas. En todo caso, o importe dos gastos que se xustifiquen documentalmente deberá ser igual ou superior ao 90% da subvención concedida polo Concello. Os xustificantes dos gastos deberán corresponder ós gastos ocasionados para o cumprimento das actividades e das finalidades para as que foi concedida a subvención, non admitíndose gastos realizados para finalidades ou actividades diferentes ou que non garden relación directa coas actividades subvencionadas, nin a imputación de gastos indirectos, xerais ou de estrutura. A estes efectos teranse en conta os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos e no orzamento presentado na solicitude de subvención.

4.- A xustificación de gastos de persoal realizarase mediante nóminas asinadas polo perceptor e TC1 e TC2 acompañados dos xustificantes de pagamento.

5.- No caso de que a xustificación presentada presentase defectos ou erros, darase ó beneficiario un prazo de 10 días para a súa emenda. De non presentarse a emenda, terase por non presentada a xustificación, sen que se produza interrupción algunha do prazo de xustificación, e quedando o beneficiario obrigado a presentar unha nova conta xustificativa de acordo coas presentes Bases.

6.- No caso de que os gastos xustificados sexan inferiores ao orzamento da actividade, tal e como se definen non apartado terceiro desta base, a contía da subvención reducirase ata acadar o 90% por cento dos gastos xustificados.

7.- A xustificación será aprobada polo órgano que concede a subvención, a proposta

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casterverde

do Concelleiro/a Delegado de Área.

8.- A data límite para xustificar a subvención concedida será a do 31 de outubro do exercicio económico correspondente á súa concesión. No caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

9.- Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

En todo o non previsto nas presentes Bases, estarase ó disposto na lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, lei 9/2007, de subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral de Subvencións deste concello, e demais disposicións sobre a materia.

CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, DEPORTE, EDUCACIÓN E XUVENTUDE,

(Documento asinado dixitalmente á marxe)



Concello de Casterverde

Plaza do Concello, nº 2, Casterverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

ANEXOS A CUBRIR PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN DESTINADA A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL. EXERCICIO 2023.

NOME DA ASOCIACIÓN:

.....
.....

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL. EXERCICIO 2023.

D./D^a _____ con DNI _____,
teléfono _____ núm. _____ domiciliado/a _____ na
r/p _____ núm _____, piso _____,
CP: _____ localidade: _____, en representación da
entidade: _____, con domicilio social na
r/p _____ núm _____ piso _____ CP _____, teléfono núm
_____, na localidade de _____, que figura inscrita no
Registro municipal de asociacións co núm _____.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

SOLICITA

unha subvención por importe de _____ € para sufraga-los gastos derivados da realización da/s seguinte/s actuación/s:

Así mesmo xunto con esta solicitude achego os seguintes documentos:

- Anexo II (memoria explicativa do proxecto, presentar un Anexo II por cada actividade a realizar)
- Anexo III (modelo de declaración xurada)
- Fotocopia dos estatutos e da acta de constitución da asociación (actualizados)
- Fotocopia do NIF da persoa solicitante
- Fotocopia do CIF da asociación
- Outros documentos.....

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada así como tódolos compromisos e obrigas derivadas das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o exercicio 2023.

Casto Verde, ____ de _____ de 2023
(Sinatura e selo da entidade)

SRA. CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, DEPORTE, EDUCACIÓN E XUVENTUDE

ANEXO II

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO **(Presentar un Anexo II por cada actividade a realizar)**

DENOMINACIÓN: _____

-DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS: _____

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

-Obxectivos que persegue

(especificar nº homes/nº mulleres)

-Número de destinatarios/idade

-Calendario/ Duración do proxecto:

-Lugar previsto para a realización das actuacións:

- Recursos previstos para a execución do proxecto:

a) Recursos materiais:

b) Recursos humanos:

c) Recursos económicos (subvencións/ achega socios):

-Orzamento detallado dos gastos previstos:

TOTAL.....€

Casto Verde, ___ de _____ de 2023
(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA ÓS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.ª _____
Provisto do NIF nº _____ en calidade de (presidente, secretario,...) de _____
_____ con enderezo social en _____
_____ de Casto Verde e con CIF nº _____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

1- Esta entidade (si ou non) solicitou e recibiu, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI
- NON

Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, esta entidade

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castoerverde

solicitou/ recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2- Esta entidade está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e ao Concello de Castoerverde .

3- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obtela condición de beneficiaria da subvención.

Castoerverde, ___ de _____ de 2023
(Sinatura e selo da entidade)



ANEXOS A CUBRIR PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN DESTINADA A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E

Concello de Castoerverde

Plaza do Concello, nº 2, Castoerverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL. EXERCICIO 2023.

NOME DA ASOCIACIÓN:

.....
.....

ANEXO IV

SOLICITUDE DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

D./D^a _____ con DNI _____,
teléfono _____ núm. _____ domiciliado/a na
r/p _____ núm. _____, piso _____,
CP: _____ localidade: _____, en representación da
entidade: _____, con domicilio social na
r/p _____ núm. _____ piso _____ CP _____, teléfono núm
_____, na localidade de _____, que figura inscrita no
Registro municipal de asociacións co núm _____.

SOLICITA:

Que sexa admitida a trámite a documentación xustificativa que achego destinada a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral, exercicio 2023.

Achéganse os seguintes documentos:

- Anexo V (Memoria xustificativa da actividade, presentar un Anexo IV por cada unha das actividades subvencionadas)

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casterverde

- Anexo VI (Declaración responsable de solicitar ou recibir subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou privadas para a mesma finalidade).
- Facturas e demais documentos de valor (orixinais ou compulsadas).
- Certificado de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais (Certificado emitido pola A.E.A.T)
- Certificado de estar ó corrente fronte á Seguridade Social (Certificado emitido pola Seguridade Social)
- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma Galega (Certificado emitido pola Consellería de Facenda)
- Certificación bancaria do número de conta.
- Documentos acreditativos (carteis publicitarios, fotografías, etc...) no que se vexa reflexado en cada actividade subvencionada o logotipo do Concello de Casterverde.
- Outros documentos.....

Castroverde, ____ de _____ de 2023
(Sinatura e selo da entidade)

SRA. CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, DEPORTE, EDUCACIÓN E XUVENTUDE

ANEXO V

MEMORIA XUSTIFICATIVA

(Presentar un Anexo V por cada actividade realizada)

- Actividade realizada: _____

- Breve descrición da mesma (data/s de realización, número participantes, resultados obtidos, etc...): _____

Concello de Casterverde

Plaza do Concello, nº 2, Casterverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

2- Esta entidade está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e ao Concello de Casto Verde .

3- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incursa en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obtela condición de beneficiaria da subvención.

Casto Verde, ____ de _____ de 2023
(Sinatura e selo da entidade)

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011

